

**En Santiago de Compostela, 16 de maio de 2006**

## **REUNIDOS**

**Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Laura Sánchez Piñón, conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e,**

**doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,**

**CONSIDERANDO que a función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa é un dos principios recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Que, sen dúbida, no recoñecemento social da función docente, un dos factores que inflúen son os salarios do profesorado, polo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tal como se comprometeu no Parlamento Galego, pretende dignificar as retribucións de todos os funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias, recoñecer a función titorial e outras funcións docentes, a orientación educativa e o labor dos equipos directivos**

**CONSIDERANDO que na cláusula terceira do acordo do 4 de xullo de 2003 se establecía que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez rematado o seu período de aplicación, analizaría as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa dos funcionarios docentes da nosa Comunidade no conxunto do Estado, abriría un novo proceso de negociación das súas retribucións.**

**CONSIDERANDO** que desde que se asinou o acordo do 4 de xullo de 2003 se produciron Acordos específicos de incrementos retributivos aos funcionarios docentes noutras comunidades autónomas que provocaron que as retribucións do profesorado da nosa comunidade autónoma que imparte ensinanzas distintas das universitarias modificasen a posición relativa no conxunto do Estado,.

**CONSIDERANDO** que todas as organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria viñan demandando a urxente apertura das negociacións das retribucións.

Con estas finalidades, as partes asinantes ACADAN O SEGUINTE PREACORDO, NA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA, SOBRE AS RETRIBUCIÓN DO PROFESORADO DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE IMPARTE ENSEÑANZAS DISTINTAS DAS UNIVERSITARIAS

Primeiro.- Incrementáanse as retribucións dos funcionarios docentes nas contías que a continuación se relacionan, coa distribución por compoñentes do complemento específico que se establecen nos apartados segundo e terceiro do presente preacordo.

<b>DATA EFECTIVIDADE</b>	<b>DA</b>	<b>INCREMENTO MENSUAL</b>	<b>INCREMENTO ANUAL</b>
01. 01. 2007		45 €	540 €
01. 01. 2008		35 €	420 €
01. 01. 2008 “Titoría e outras funcións docentes		15 €	180 €
01. 01. 2009		25 €	300 €
01. 01. 2009 “Titoría e outras funcións docentes”		30 €	360 €
<b>TOTAL</b>		<b>150 €</b>	<b>1.800 €</b>

Segundo.- A compoñente xeral do complemento específico do profesorado dependente da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria que imparte ensinanzas distintas das universitarias, sufrirá os seguintes incrementos:

DATA DE EFECTIVIDADE	INCREMENTO MENSUAL	INCREMENTO ANUAL
01. 01. 2007	45 €	540 €
01. 01. 2008	35 €	420 €
01. 01. 2009	25 €	300 €
<b>TOTAL</b>	<b>105 €</b>	<b>1. 260 €</b>

Terceiro.- Compoñente singular do complemento específico por “función titorial e outras funcións docentes”

Establécese unha compoñente singular do complemento específico por “Función titorial e outras funcións”, coas seguintes contías:

DATA DA EFECTIVIDADE	CORPOS	INCREMENTO MENSUAL	INCREMENTO ANUAL
01. 01. 2008	TODOS	15 €	180 €
01. 01. 2009	TODOS	30 €	360 €
<b>TOTAL</b>		<b>45 €</b>	<b>540 €</b>

Percibirán este complemento, ademais dos funcionarios docentes que estean nomeados como titores, todos os profesores en situación de servizo activo que, dentro do horario lectivo ordinario do alumnado e do seu horario lectivo e horas complementarias fixas, realicen, entre outras, actividades de reforzo educativo, atención á diversidade, desdobres en áreas e materias de lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, matemáticas, química, bioloxía e tecnoloxía, atención

**específica de apoio ao alumnado estranxeiro, á educación infantil, asesoría tecnolóxica aos seus compañeiros para a utilización das novas tecnoloxías, participación activa no plan de convivencia do centro e outras actividades análogas que redunden na calidade do ensino, no marco que se estableza no proxecto educativo e na programación xeral do centro.**

**Excepcionalmente, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a proposta do centro ou por iniciativa propia, poderá aprobar outras funcións que impliquen a percepción desta compoñente do complemento específico.**

**En todo caso, cumprirán o requisito para percibir a compoñente do complemento específico correspondente á “Función titorial e outras funcións docentes”, os funcionarios docentes que realicen funcións sindicais ou formen parte dos órganos de representación do profesorado previstos na Lei 9/1987, do 12 de xuño, e todo o persoal docente que teña o seu horario lectivo completo.**

**A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as funcións que lles permitan percibir este complemento aos profesores que prestan servizos nos centros de formación e recursos, no proxecto SIEGA e nos equipos de orientación específicos.**

**A retribución da compoñente do complemento específico correspondente á “Función titorial e outras funcións docentes” será**

compatible coa percepción da compoñente do complemento específico por razón do desempeño de órganos de goberno unipersoais e de postos de traballo docentes singulares e coa compoñente de complemento específico que, de ser o caso, poida establecerse en recoñecemento do labor do profesorado, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, previsto no apartado 2.b) do artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Asemade, o presente preacordo non absorberá a percepción doutros complementos ou o incremento dos xa existentes, se se producise o seu financiamento por outras Administracións ou por outras institucións.

**Cuarto.- Nova clasificación dos centros educativos.**

Con efectividade do 1 de setembro de 2008, para os únicos efectos retributivos, a clasificación dos centros educativos será a seguinte:

<b>CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA</b>	
<b>TIPO A</b>	<b>Colexios de 40 ou máis unidades e centros específicos de educación especial</b>
<b>TIPO B</b>	<b>Colexios de 18 a 39 unidades</b>
<b>TIPO C</b>	<b>Colexios de 6 a 17 unidades</b>
<b>TIPO D</b>	<b>Colexios de 3 a 5 unidades</b>

<b>INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, CENTROS QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E CENTROS ESPECÍFICOS DE ADULTOS</b>	
<b>TIPO A</b>	<b>Centros de máis de 1.350 alumnos</b>
<b>TIPO B</b>	<b>Centros de 751 a 1.350 alumnos</b>
<b>TIPO C</b>	<b>Centros de menos de 750 alumnos</b>
<b>TIPO D</b>	<b>Extensións ou sección delegadas</b>
<b>Os conservatorios superiores de música, as escolas de artes plásticas e deseño nas que se impartan ensinanzas superiores, a Escola de Restauración, a Escola de Arte dramática, os centros residencias docentes e os centros integrados de formación profesional estarán clasificados como centro tipo A.</b>	

**Quinto.- Outros incrementos.**

**Con efectividade do 1 de xaneiro de 2007:**

**Os funcionarios do corpo de mestres que estean impartindo o primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria terán dereito a que a contía correspondente ao complemento específico compensador do nivel 24 ao 21 forme parte das pagas extraordinarias.**

**Os funcionarios do corpo de profesores de música e artes escénicas que estean impartindo o grao superior das ensinanzas musicais terán dereito a que a contía correspondente ao complemento específico compensador do nivel 26 ao 24 forme parte das pagas extraordinarias.**

Con efectividade do 1 de xaneiro de 2006:

**Desempeño de postos de traballo docentes singulares:**

- xefatura de departamento de orientación nos centros de educación infantil e primaria e centros de primaria: 64,94 €
- membros dos equipos de orientación específica: 273,32 €
- xefatura de estudos e secretaría dos centros rurais agrupados tipo C: 161,13 €
- xefatura de estudos e secretaría dos restantes centros rurais agrupados: 118,39 €

Os funcionarios do corpo de mestres que estean percibindo o complemento correspondente á casa-habitación manterán o dereito a percibir o dito complemento, na mesma contía, soamente mentres se manteñan no mesmo destino e non cambien as circunstancias que deron lugar ao recoñecemento deste.

Os funcionarios do corpo de mestres que estean prestando servizos con carácter definitivo no primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria e sexan suprimidos ou desprazados por falta de horario, manterán o dereito a percibir o complemento específico compensador entre o nivel 24 de complemento de destino e o nivel 21.

Enténdese por “profesor de educación permanente de adultos” o funcionario docente que imparta docencia en centros específicos de ensinanzas de adultos.

Para os efectos da consolidación da compoñente do complemento específico por “formación permanente dos funcionarios de carreira docentes” teranse en conta tódalas actividades de formación convocadas e/ou organizadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística e pola Secretaria Xeral de Política Lingüística.

Sexto.- Incremento retributivo dos funcionarios do corpo de inspectores de educación e do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa.

<b>DATA DE EFECTIVIDADE</b>	<b>INCREMENTO MENSUAL</b>	<b>INCREMENTO ANUAL</b>
<b>01. 01. 2007</b>	<b>60 €</b>	<b>720 €</b>
<b>01. 01. 2008</b>	<b>75 €</b>	<b>900 €</b>
<b>01. 01. 2009</b>	<b>100 €</b>	<b>1.200 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>235 €</b>	<b>2.820 €</b>

**Con efectividade do 01. 01. 2007**

**Inspector xefe provincial: 60 € mensuais**

**Inspector coordinador de sector: 30 € mensuais**

**A estrutura retributiva dos funcionarios do corpo de inspectores de educación será a mesma cá dos restantes funcionarios docentes.**

**Sétimo.- De acordo co artigo 35 da Lei 9/1987, do 17 de xuño, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais asinantes do presente preacordo constituirán unha comisión de seguimento e aplicación deste. Esta comisión reunirse sempre que o solicite a consellería ou a parte sindical.**

**Oitavo.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria analizará anualmente as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nosa comunidade no conxunto do Estado, abrirá un novo proceso de negociación das súas retribucións.**

***POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA.***

***Asdo.: Laura Sánchez Piñón***

***POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS***

***POR CIG***

***POR CC OO***

***Asdo.: Anxo Louzao Rodríguez***

***Asdo.: Rosario M. Alonso Fernández***

***POR FETE-UGT***

***POR ANPE***

***Asdo.: Mariano García González***

***Asdo.: Julio Díaz Escolante***

***POR CSI-CSIF***

***Asdo.: Begoña Carballo Ambrúneiras***

**Adhírese ao presente acordo, asumindo todo o seu contido, o STEG, organización sindical que non estivo presente nas negociacións por non formar parte da Mesa Sectorial Docente non Universitaria.**

**Polo STEG**

**Asdo: Xosé Cabido Pérez**

edu.xunta.es